

**Resolución pola que se publica o resultado da convocatoria de subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo) da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2017 e 2018, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.**

## **GDR 02 - Asociación de Desenvolvemento comarcal de Terra Chá.**

### **Convocatoria 2017-2018: solicitudes de axuda presentadas ata 31 de marzo de 2017.**

Mediante o Acordo do Consello de Dirección da Agader do 29 de decembro de 2016 aprobáronse as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, cofinanciadas con Feader (DOG nº 12, do 18 de xaneiro de 2017) e mediante a Resolución do 30 de decembro de 2016 do director xeral da Agader, convocáronse, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo), para as anualidades 2017 e 2018 (DOG nº 20, do 30 de xaneiro de 2017).

Para o financiamento desta convocatoria, no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 está consignado un crédito de 13.520.102,00 € nas aplicacións orzamentarias de Agader 13.A1.712A.7600, 13.A1.712A.7700 e 13.A1.712A.7810 (aplicación orzamentaria 13.04.712A.732.09 da Consellería do Medio Rural, proxecto 2016-00221 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural ).

Con respecto á anualidade 2018, está retido un crédito de 7.630.000,00 €.

O Anexo II da citada convocatoria establecía para o GDR a seguinte distribución por anualidades:

ANO	IMPORTE
2017	563.337,58
2018	370.536,91
<b>TOTAL</b>	<b>933.874,49</b>

Por outra parte, o director xeral da Agader, emitiu o 24/03/2017 unha resolución pola que se aproban, dentro das dispoñibilidades orzamentarias globais establecidas na convocatoria da medida Leader de Galicia para as anualidades 2017 e 2018, os importes máximos dispoñibles para o GDR, dentro das distintas tipoloxías de proxectos subvencionables



SUBMEDIDA	TIPO PROXECTO	GASTO PÚBLICO DA ESTRATEXIA					
		2.017	%	2.018	%	TOTAL	%
19.2 Apoio a realización de operacións conforme á extratexia de desenvolvemento local participativo	Productivos	291.885,78	51,81	191.988,71	51,81	483.874,49	51,81
	Non produtivos (entidades públicas locais)	150.806,56	26,77	99.193,44	26,77	250.000,00	26,77
	Non Productivos (institucións de carácter privado)	120.645,24	21,42	79.354,76	21,42	200.000,00	21,42
	Formación	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	<b>TOTAL</b>		<b>563.337,58</b>		<b>370.536,91</b>		<b>933.874,49</b>

Ademais, o 12/05/2017 o director xeral da Agader emitiu a resolución pola que se lle autorizaba ao GDR un importe máximo dispoñible con cargo á anualidade 2017 para a submedida 19.4 (gastos en custes correntes e animación). Tendo en conta que este GDR non solicitou para gastos correntes e animación todo o importe dispoñible na cláusula 10ª do Convenio de Colaboración asinado con Agader, este importe non solicitado incrementa o saldo global dispoñible na anualidade 2017 da submedida 19.2, segundo as contías que por tipoloxías de proxectos se reflicten no cadro orzamentario que a seguir se indica; de conformidade coa Resolución do 20 de xullo de 2017 do director xeral de Agader pola que se amplía a dotación orzamentaria (DOG nº 143 do 28 de xullo de 2017).

SUBMEDIDA	TIPO PROXECTO	GASTO PÚBLICO DA ESTRATEXIA					
		2.017	%	2.018	%	TOTAL	%
19.2 Apoio a realización de operacións conforme á extratexia de desenvolvemento local participativo	Productivos	319.249,16	53,05	194.692,62	51,81	511.237,87	52,58
	Non produtivos (entidades públicas locais)	150.527,45	25,02	95.371,64	26,77	249.720,89	25,68
	Non Productivos (institucións de carácter privado)	131.958,18	21,93	80.472,65	21,42	211.312,94	21,73
	Formación	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	<b>TOTAL</b>		<b>601.734,79</b>		<b>370.536,91</b>		<b>972.271,70</b>

O artigo 17.6 das bases reguladoras das citadas subvencións establece que as subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras publicaranse no DOG, así coma no taboleiro de anuncios da sede da Agader (lugar da Barcia, nº56, Laraño, 15897 Santiago de Compostela), na web do GDR e na web da Agader (<http://agader.xunta.gal>).

Ademais, a resolución notificarase individualmente a cada interesado, remitíndolle unha copia ao GDR.

Tendo en conta que:

- A competencia para resolver sobre a concesión das axudas lle corresponde á persoa titular da Dirección Xeral da Agader, en virtude do Acordo de delegación do 11 de xullo de 2013 do Consello de Dirección da Agader, feito público mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG nº 148, do 5 de agosto).
- Existe dispoñibilidade financeira para as axudas que se propoñen.



- Existe coherencia coa proposta da Xunta directiva do GDR do 4 agosto de 2017
- Existe coherencia cos informes proposta das resolucións individuais, emitidos polo subdirector de Relacións cos GDR

**RESOLVO QUE SE PUBLIQUE O RESULTADO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS SEGUNDO SE INDICA NOS PUNTOS SEGUINTE:**

- 1) Establecer a listaxe de proxectos seleccionados: non produtivos promovidos por entidades públicas locais (anexo I).
- 2) Establecer a lista de agarda de proxectos non produtivos promovidos por entidades públicas locais (anexo II)

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interperse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso- administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da notificación. Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime oportuno.

Santiago de Compostela

O director xeral da Agader

(Por delegación: Resolución 24/07/2013; DOG n.º 148, do 5 de agosto)

(Asinado electronicamente)

Miguel Ángel Pérez Dubois



**ANEXO I: PROXECTOS NON PRODUTIVOS SELECCIONADOS PROMOVIDOS POR ENTIDADES PÚBLICAS LOCAIS**

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Portentaxe de axuda (%)	IMPORTE AXUDA 2017	IMPORTE AXUDA 2018	Puntuación segundo o baremo	Prioridade
L17 1920 02 0020	Reforma do Centro de Día de Abadín	Concello de Abadín	71.717,52	87,50%	37.651,70	25.101,13	55,00	Alta
L17 1920 02 0005	Rehabilitación e posta a punto do mazo da Fraga de Ferreiravella	Concello de Riotorto	8.999,98	83,00%	7.469,98	0,00	46,00	Alta
L17 1920 02 0024	Rehabilitación de edificación para Centro de Día	Concello de Guitiriz	84.450,12	79,50%	40.282,71	26.855,14	39,00	Alta
L17 1920 02 0025	Acondicionamento de parte da planta baixa da praza de abastos para adaptala a centro sociocomunitario	Concello de Vilalba	86.394,00	77,50%	40.173,21	26.782,14	35,00	Alta
L17 1920 02 0009	Instalación para promoción da feira de Castro de Rei	Concello de Castro de Rei	69.305,08	60,00%	24.949,85	16.633,23	40,00	Media
					150.527,45	95.371,64		



ANEXO II: LISTA DE AGARDA DE PROXECTOS NON PRODUTIVOS PROMOVIDOS POR ENTIDADES PÚBLICAS LOCAIS

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Portentaxe de axuda (%)	IMPORTE AXUDA 2017	IMPORTE AXUDA 2018	Puntuación segundo o baremo	Prioridade

